



GUÍA DO ALUMNADO MÓDULO DE PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS

CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE

**FMEM0109 Xestión da Produción en Fabricación
Mecánica**



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	3
2. DATOS DA ACCIÓN FORMATIVA	3
3. DETALLE DO PROGRAMA FORMATIVO	3
4. SISTEMA DE TITORÍAS E SEGUIMIENTO DAS PRÁCTICAS.....	4
5. AVALIACIÓN DAS PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS	4
6. OBLIGACIÓNS DURANTE AS PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS	4
7. SOLICITUDE DE BOLSAS	5

1.

1. INTRODUCCIÓN

O RD 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade, e o RD 1675/2010, do 10 de decembro, polo que se modifica o RD 34/2008, establecen a estrutura e os contidos dos certificados de profesionalidade, así como desenvolven as características dos módulos formativos que os integran. Entre estes módulos formativos atópase o módulo de prácticas profesionais non laborais que levará a cabo nos centros de traballo.

Este módulo de prácticas, desenvolverase, con carácter xeral, nun centro de traballo e permitiranos completar as competencias profesionais non adquiridas no contexto formativo.

O que se pretende con este módulo é que:

- Coñezas a realidade da contorna produtiva relacionada coa área do certificado.
- Melloras as túas competencias para a inserción laboral.
- Apliques as competencias profesionais adquiridas a través dos módulos formativos cursados.
- Completes as capacidades, actitudes e habilidades que non se inclúen nos módulos de formación teóricos da formación.

Unha vez superados os módulos teórico- prácticos, é imprescindible que superes o módulo de prácticas laborais para a obtención do certificado de profesionalidade.

2. DATOS DA ACCIÓN FORMATIVA

O MP0234 Módulo de prácticas profesionais non laborais, ten unha duración de 40 horas e enmárcase dentro do Certificado de Profesionalidade **FMEM0109 Xestión da Producción en Fabricación Mecánica** (RD 684/2011, de 13 maio).

A través da superación dos módulos formativos has adquirido as seguintes competencias:

- Programar e controlar a produción en fabricación mecánica.
- Aproveccionar os procesos produtivos de fabricación mecánica.

Ao longo deste módulo perfeccionarás ditas competencias e adquirirás novas capacidades e coñecementos que se enumerarán no apartado seguinte.

3. DETALLE DO PROGRAMA FORMATIVO

Durante a realización das prácticas procurarase que desenvolvas as seguintes tarefas:

- Programación e control da produción en fabricación mecánica.
- Preparación e seguimento dun encargo de fabricación mecánica.
- Cálculo de necesidades de aprovisionamento mecánico.
- Integración e comunicación no centro de traballo.

O traballo para desenvolver na práctica profesional non laboral é definido polo RD 684/2011, do 13 de maio. A asignación das tarefas farase en función deste Real decreto e da túa formación, coñecementos e capacidades coa finalidade de mellorar a túa capacitación profesional e desenvolvemento persoal.

O/a titor/a de prácticas deberá valorar se es capaz de aplicar o aprendido durante os módulos formativos e ademais se estás capacitado/a para:

- Analizar a documentación e procesar a información de control da produción de fabricación mecánica.

- Realizar o seguimento dun encargo de fabricación mecánica.
- Planificar as necesidades de aprovisionamento de materiais, documentando o proceso produtivo.
- Participar nos procesos de traballo da empresa, seguindo as normas e instrucións establecidas no centro de traballo.

4. SISTEMA DE TITORÍAS E SEGUIMENTO DAS PRÁCTICAS

Para o correcto desenvolvemento das prácticas profesionais non laborais contarás co apoio de dous titores/as:

- **Titor/a laboral da empresa.** Será o/a encargado/a de a túa supervisión e da túa avaliación. Actuará como guía na empresa ou entidade e valorará o traballo realizado.
- **Titor/a do Módulo Práctico.** Será o/a encargado/a de o seguimento do desenvolvemento da práctica profesional non laboral desde a entidade impartidora da acción formativa. Para levar a cabo esta tarefa, realizará 2 titorías de seguimento nas cales falará contigo para comprobar o correcto funcionamento das prácticas. Tamén farán 2 chamadas de seguimento ó teu titor/a laboral. Estas chamadas efectuaranse o inicio e o final do módulo. Nesta última, concertará una visita física para o peche das prácticas profesionais non laborais.

5. AVALIACIÓN DAS PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS

Tanto o/a titor/a laboral da empresa como o/a titor/a de o módulo práctico serán os/as responsables da túa avaliación.

O/a titor/a laboral cumprimentará o informe/acta de avaliación onde recollerá a valoración do traballo realizado, tendo en conta as tarefas desempeñadas e as túas capacidades demostradas.

Á súa vez, o/a titor/a de o módulo práctico terá en conta a información recibida ao longo das titorías de seguimento.

Ao finalizar o módulo de prácticas, o/a titor/a de empresa informaráche do resultado obtido.

6. OBLIGACIÓNS DURANTE AS PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS

Para o correcto desenvolvemento das prácticas profesionais non laborais deberás:

- **Asistir á práctica profesional non laboral.** Deberás incorporarte á empresa ou entidade na data sinalada e respetar o horario e calendario establecidos. Se debes ausentarte a alguna das sesións, deberás informar ó teu titor de empresa ou ó titor do módulo práctico.
- **Cumprir estrictamente os criterios de organización e vestimenta do centro,** para non alterar o seu normal funcionamento.
- **Realizar con aproveitamento as actividades** nas que consista a formación práctica de conformidade co programa e as condicións específicas aprobadas.
- **Gardar sxiilo profesional** sobre procesos, sistemas, aspectos económicos e/ou comerciais, así como calquera outra información de carácter confidencial da empresa ou entidade.



- **Cumprimentar o Cuestionario de avaliación da calidade da acción formativa** unha vez finalizada a práctica.
- **Comunicar as incidencias detectadas** durante a realización do módulo práctico ó titor laboral e ós titores do módulo práctico, no caso de que se produzan.
- **Ser informado sobre o resultado da túa avaliación.**

7. SOLICITUDE DE BOLSAS

Se desexas solicitar becas e/ou axudas pola participación na acción formativa, unha vez finalizadas as prácticas non laborais deberás remitir inmediatamente á entidade impartidora a documentación correspondente para que esta xestione a súa tramitación na sede electrónica da Xunta de Galicia.